

SERVIZO DE FESTAS

CONCELLERÍA DELEGADA DA  
ÁREA DE PARTICIPACIÓN  
CIDADÁ E FESTAS

CONCELLO  
DE VIGO



EXPTE.: 76/142

TRÁMITE: INFORME XUSTIFICATIVO DE SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS DO 2023 DA CONCELLERÍA DELEGADA DA ÁREA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ E FESTAS

## INFORME

A petición do concelleiro delegado da área de Participación Cidadá e Festas emítese o presente informe xustificativo respecto das subvencións nominativas remitidas polo Servizo de **Festas** para a súa inclusión no orzamento do ano 2023:

### SERVIZO DE FESTAS:

As seguintes subvencións encadraríanse dentro da Área de responsabilidade política da Concellería de Participación Cidadá e Festas, para Promoción das actividades sociais de interese público realizadas a través de agrupacións de persoas, asociacións, etc.

- 1- TRANSFERENCIAS A EMPRESAS PRIVADAS, dirixido a Empresas Privadas de Animación Cultural, con cargo á partida 3380 4700000, por un importe de 1.000,00 €
- 2.- CONVENIO O MARISQUIÑO, dirixido a ULISESPROYECT EVENTOS ESPECIALES SLU, con cargo á partida 3380 4700001, por importe de 420.000,00 €.
- 3.- BRINCADEIRA DE BOUZAS, dirixido á ASOCIACIÓN AMIGOS DE LA HISTORIA DE BOUZAS, con cargo á partida 4800004, por un importe de 15.000,00 €.
- 4.- CONVENIO RECONQUISTA, dirixido á ASOCIACIÓN DE VECIÑOS CASCO VELLO, con cargo á partida 3380 4800001, por un importe de 100.000,00 €.
- 5.- CONVENIO VICUS SPACORUM, dirixido á ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE NAVIA, con cargo á partida 3380 4800000, por un importe de 14.000,00 €.
- 6.- CONVENIO ENTROIDO, dirixido a FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS "EL OLIVO" e AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURALS, con cargo á partida 3380 4800002, por un importe de 87.000,00€.
- 7.- PREMIOS E CONCURSOS DE ANIMACIÓN CULTURAL, dirixido a familias e asociacións sen fins de lucro, con cargo á partida 4810000, por un importe de 900,00 €.
- 8.- CONVENIO COM. FESTA DE BOUZAS, dirixido á COMISIÓN DA FESTA DE BOUZAS, con cargo á partida 3380 48900011, por un importe de 45.000,00 €.

A "CONFRARÍA DO SANTÍSIMO CRISTO DOS AFLIXIDOS DE BOUZAS" vén ocupándose, dende tempos inmemoriais, da organización, desenvolvemento e execución das festas anuais que se celebran na Vila de Bouzas - Cidade de Vigo, na segunda quincena no mes de xullo, en honra do "Bo Xesús dos Aflixidos", patrón da Vila, e cuxo programa comprende, tanto actividades lúdicas coma relixiosas. Dito Festival constitúe unha tradición consolidada dentro da oferta cultural e lúdica da cidade de Vigo, sendo o máis relevante dos da súa clase, así coma un dos máis prestixiosos da Comunidade Autónoma de Galicia, tanto pola calidade e custo da súa execución, o número de espectadores directos do Festival, o seguimento e cobertura mediáticos do mesmo, e a antigüidade da súa celebración, constituíndose por



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 24/10/2022 11:26	Páxina 1 de 3
220264585	CSV: AAA6B8-3548AA-DHB8A5-58SNSS-4BNB5D-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



EXPTE.: 76/142

TRÁMITE: INFORME XUSTIFICATIVO DE SUBVENCIONS NOMINATIVAS DO 2023 DA CONCELLERÍA DELEGADA DA ÁREA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ E FESTAS

todos estes motivos nun obrigado referente nas celebracións lúdico-culturais de todo o territorio nacional. Todos estes motivos fan co que o Concello de Vigo considere necesario contribuír ó seu mantemento e financiamento. A cuantía asignada resulta insuficiente para cubrir os gastos do espectáculo pirotécnico-musical debido a que nos últimos anos teñen aumentado os costes de vida pero fundamentalmente pola actualización nas condicións e esixencias en materia de seguridade que require a organización do espectáculo, polo que precísase aumentar a cuantía a 45.000,00 €.

9.- OUTRAS TRANSFERENCIAS, dirixido a entidades e Comisións de Festas, con cargo á partida 4890000, por un importe de 300.000,00 €.

Con data 21 de Febreiro de 2022 resolveuse aprobalo expediente de Modificación Orzamentaria 18/22, (partida 3380.4890000, transf. a Entidades e Comisións de Festas) para cumprir coa necesidade de favorecer a recuperación na celebración de eventos e festas populares no termo municipal de Vigo prevista para o ano 2022, así como fomentar a dinamización social e económica. O contexto socioeconómico que se prevé para o 2023 é similar ao de este ano polo que preténdese manter esta liña de apoio. A dotación das subvencións para desenvolvemento de Festas Patronais, gastronómicas e actividades socio-culturais do período 2021-2022 (expte. nº 9195-335) é de 390.000,00 €, polo que se precisa para o Presuposto 2023 unha cuantía de 300.000,00 €.

10.- CONVENIO FESTA DA SARDIÑA, dirixido á COMISIÓN DE DESTAS NOSA SEÑORA DA GUÍA, con cargo á partida 3380 4890004, por un importe de 9.500,00 €.

11.- CONVENIO FESTA DO MEXILÓN, dirixido a FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS "EL OLIVO", con cargo á partida 3380 4890005, por un importe de 9.500,00 €.

12.- CONVENIO FESTA DO POLBO, dirixido á ASOCIACIÓN DO CENTRO VECIÑAL E CULTURAL VALADARES, con cargo á partida 3380 48900006, por un importe de 9.500,00 €.

13.- CONVENIO FESTIVAL FOLCLÓRICO INTERNACIONAL, dirixido á ASOCIACIÓN INTERFOLC, con cargo á partida 3380 48900007, por un importe de 90.000,00 €.

Na revisión do convenio para a realización do Festival Folclórico internacional preténdese incluír a realización dunha actividade nova denominada "Día da muiñeira" no contexto das actividades do Festival. A cuantía necesaria para a realización deste evento é de 30.000,00 €, polo que precísase aumentar a cuantía do convenio a 90.000,00 €.

14.- CONVENIO VENDE CON NÓS, dixido á AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURALS, con cargo á partida 3380 4890010, por un importe de 18.000,00€.

Na revisión do convenio Vente con Nós preténdese aumentar o número de actuacións e espectáculos a realizar co fin de cubrir as necesidades da programación prevista para o 2023. No ano 2022 constatouse que o número de actuacións (26) resultaba insuficiente para cubrir a programación do Servizo de Festas, estimando que se precisarían 30 actuacións. Por outra banda esta subvención leva varios exercicios dotada da mesma cuantía sen terse actualizado respecto do aumento dos costes de vida. Polo que precísase aumentar a subvención en 4.500,00 €.



SERVIZO DE FESTAS

CONCELLERÍA DELEGADA DA  
ÁREA DE PARTICIPACIÓN  
CIDADÁ E FESTASCONCELLO  
DE VIGO

EXPTE.: 76/142

TRÁMITE: INFORME XUSTIFICATIVO DE SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS DO 2023 DA CONCELLERÍA DELEGADA DA ÁREA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ E FESTAS

15.- CONVENIO MAGOSTO, dirixido a FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS "EL OLIVO", con cargo á partida 3380 48900013, por un importe de 9.500,00 €.

O MAGOSTO é un acontecemento festivo arraigado na cidade de Vigo, que se ven celebrando dende fai mais de trinta anos no Casco Vello da Cidade; primeiramente na Praza da Constitución e na actualidade no Praza do Berbés. Debido á repercusión do evento e ao gran número de persoas que acuden a el precisase aumentar as actividades a realizar propoñendo unha segunda ubicación para a realización das mesmas. A cantidade asignada resulta insuficiente polo que precisase aumentar en 2.500,00 € a cuantía asignada.

*Vigo, na data da sinatura dixital*

A xefa de Festas

(Resolución do 06/07/2021)

M. Cristina Chao Polo

*Vigo, na data da sinatura dixital**O concelleiro delegado da Área de Participación Cidadá e Festas*

(RA da Alcaldía de delegación de competencias do 17/08/2020)

Pablo Luís Estévez Rodríguez

